


EFEGA formará ao persoal de ambulancias de Galicia no manexo de desfibriladores.

Os cursos realizaranse con cargo ás cotas da Fundación Tripartita (FTFE) polo que as empresas de ambulancias poderán formar aos seus traballadores a custe cero.



Persoal do servizo programado de ambulancias asistindo a un curso DESA.

18/02/2013 EFEGA - “Educación e Formación en Emerxencias de Galicia”, acada un acordo con “Laboris Consulting” para a formación continua bonificada en calquera sector empresarial.

Máis de 50 profesionais do servizo de altas e programado de ambulancias en Galicia, beneficiaranse deste acordo e recibirán a certificación que faculta para o manexo de desfibriladores semiautomáticos por persoal non médico ademais da reciclaxe bianual obrigatoria, regulados no DOG 99/2005 da Xunta de Galicia.

Na actualidade, a oferta formativa en materia de soporte vital básico do persoal de ambulancias que non pertence ao servizo de emerxencias sanitarias é moi escasa e as reciclaxes son practicamente nulas. Sen embargo, son moitas as ocasións nas que o persoal que non traballa nas ambulancias de urxencias médicas se atopa unha situación de emerxencia sanitaria durante o desempeño do seu labor. A sociedade espera que estes profesionais saiban como responder. Porén, resulta fundamental que poidan aplicar as técnicas de soporte vital e desfibrilación, en espera de recibir a axuda especializada.

Formación gratuita para empresas.

Polo de agora, xa son tres das empresas máis importantes do sector do transporte sanitario as que se están a beneficiar dunha formación completamente gratuita para contar cun plantel de persoal cualificado, nunha aposta decidida pola formación continuada e a calidade empresarial.

Os interesados en recibir formación pódense informar a través da páxina web www.efega.eu ou no enderezo de correo info@efega.eu.